
DEREITOS LABORAIS DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO



DEREITOS LABORAIS DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Este documento recolle un cadro informativo dos permisos e licenzas que se recoñecen no estatuto das persoas traballadoras (ET) para as vítimas de violencia de xénero.

Os Convenios colectivos e/ou Plans de Igualdade poden establecer os seus propios permisos e licenzas, así como as normas de desfrute dos mesmos, que, en ningún caso, poderán empeorar os recollidos no ET, por tanto, é importante que, a hora de informarse sobre estes dereitos, alén desta táboa consultes o teu convenio colectivo e o plan de igualdade da túa empresa, se o tivese.

A situación de violencia de xénero pode ser acreditada mediante:

- Sentenza condenatoria.
- Orde de protección ou calquera outra resolución xudicial que acorde unha medida cautelar en favor da vítima.
- Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia de xénero.
- Informe da administración pública emitido por calquera dos seus organismos especializados (SERGAS, Servizos Sociais municipais, Centros de Información ás Mulleres, Casa de acollida, etc.)
- Calquera outra documentación que se estime pertinente

DEREITO	CONTIDO	EFFECTOS / GARANTÍAS	NORMATIVA
Redución ou adaptación da xornada	Posibilidade de reducir xornada, adaptar horario, cambiar quendas, flexibilizar o tempo de traballo ou teletraballar.	Corresponde a persoa concretar a redución e horario dentro da súa xornada ordinaria.	ET art. 37.8 / LO 1/2004 art. 21
Cambio de centro de traballo	Dereito preferente a ocupar outro posto de traballo, do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente que a empresa teña vacante en calquera outro dos seus centros de traballo.	Duración inicial de 6 a 12 meses con reserva do posto de traballo no centro de orixe. Rematado este período decae a reserva e a vítima debe elixir volver ao antigo posto, continuar no novo posto ou a extinción do contrato con indemnización de 20 días/ano.	ET art. 40.4 / LO 1/2004 art. 21
Suspensión do contrato	Posibilidade de interromper temporalmente a relación laboral con reserva do posto de traballo. Duración inicial até 6 meses. Posíbel prórroga xudicial por períodos de 3 meses, con un máximo de 18 meses.	A suspensión ten a consideración de situación legal de desemprego polo que dará acceso á prestación se existen cotizacións suficientes.	ET arts. 45.1.n e 48.8 LO 1/2004 art. 21
Extinción voluntaria do contrato	A traballadora pode decidir abandonar o posto de traballo de xeito definitivo.	Dereito a prestación ou subsidio por desemprego	ET art. 49.1.m
Ausencias xustificadas e retribuídas	As faltas de asistencia ou puntualidade motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada de violencia de xénero consideraranse xustificadas e serán remuneradas	Deberán ser acreditadas polos servizos sociais de atención ou os servizos de saúde e comunicadas á empresa á maior brevidade.	LO 1/2004 art. 21